

1) Le o texto con moita atención.

Primeiro fai unha lectura rápida; despois, volve lelo amodiño, fixándote ben en todos os detalles, para poder responder as preguntas sen miralo.

As illas Galápagos están no océano Pacífico, preto da costa de Ecuador (América do Sur). O arquipélago está formado por 15 illas e numerosos illotes. As illas deben o seu nome ás asombrosas tartarugas xigantes que nelas habitan. Alí pódense distinguir ata once especies diferentes de galápagos, e os machos poden chegar a alcanzar 1,8 m de lonxitude e 230 kg de peso. O seu inmenso tamaño débese, probablemente, a que non teñen depredadores. Ao estaren en pleno ecuador, estas illas deberían ter un clima cálido e húmido, pero as correntes mariñas que chegan ata elas fan deste arquipélago un lugar único na Terra. Ademais dos galápagos, hai iguanas que só existen alí e outras especies de animais e plantas estraños. As Galápagos foron utilizadas como gorida de moitos piratas ingleses.

1 De que trata o texto? Elixo e marca cun X:

Das illas Galápagos. Dos galápagos.

2 Onde están estas illas? Elixo e marca cun X:

No océano Índico. No océano Pacífico.

3 Escribe estes nomes de maior a menor extensión: illote, arquipélago, illa.

.....

4 Por que se chaman así estas illas?

.....

5 Por que os galápagos destas illas alcanzan un tamaño tan grande?

.....

6 Que outras especies de animais, únicas no mundo, podemos atopar nas illas?

.....

7 Completa: Pola súa situación, preto do, as illas Galápagos deberían ter un clima

..... e
..... Pero as
que chegan ata elas fan que teñan un clima

.....

• Pensa un pouco máis. Por que cres que os piratas elixirían esas illas para esconderse e para agochar os seus tesouros?

.....

.....

.....

.....

2)Le o texto con moita atención.

Os osos pardos O oso pardo ten un corpo grande e peludo, coas patas curtas e cinco garras en cada pata, máis longas nas dianteiras. A súa cola é curta, e ten os ollos e as orellas pequenos. É un dos animais máis grandes: os machos poden alcanzar case os 800 kg de peso. De todas maneiras, o seu peso varía segundo a estación do ano: no outono pesa máis, porque debe comer moito para poder hibernar durante o inverno. En cambio en primavera, cando sae da hibernación, o seu peso é menor. Viven sobre todo nas montañas, preto dos ríos, onde van beber e pescar. Os osos teñen un olfacto e un oído extraordinarios. Ademais, a diferenza doutros mamíferos, teñen a capacidade de «poñerse de pé» sobre as súas patas traseiras. Esta é unha maneira excelente de parecer aínda máis grandes e asustar as súas presas. A pesar do seu tamaño, son capaces de trepar ás arbores e tamén nadan moi ben. Os osos viven entre 20 e 25 anos, e comen plantas, froitas, insectos, peixes de río (como troitas ou salmóns) e pequenos mamíferos. Normalmente, os osos machos viven sós; as femias, en cambio, viven cos seus cachorros ata que estes teñen entre 2 e 4 anos. Os cachorros de oso son os bebés máis pequenos de todos os mamíferos se os comparamos co peso da súa nai: cando nacen pesan soamente uns 350 gramos.

1 Escribe V (verdadero) ou F (falso):

Os osos teñen o corpo grande e as orellas longas.

Os osos teñen as garras máis longas nas patas dianteiras.

Pesan máis en primavera, porque comen moita froita.

Como pesan moito, case non poden moverse.

Os machos viven sós, as femias, cos seus cachorros.

Os cachorros de oso son enormes.

2 Contesta con números: • Que peso poden alcanzar os machos?

..... • Cantos anos vive un oso?

..... • Ata que idade viven os cachorros coa nai?

..... • Canto pesa un oso ao nacer?

.....

3 Completa o cadro:

Os osos

Características físicas

.....
.....
.....

Onde viven?

.....
.....

Que comen?

.....
.....

- Pensa un pouco máis. Se un home adulto pesar arredor de 80 kg, a cantos homes equivale o peso dun oso macho?

.....
.....

3)Le o texto con moita atención.

Sabes de onde vén...? Hai animais bonitos con nomes feos, e animais feos con nomes bonitos. Pero de onde veñen eses nomes? Por exemplo, a fea e peluda tarántula ten un nome moi sonoro que procede do porto italiano de Tarento. Alí abundaban estes arácnidos debido ao clima seco e caloroso da rexión. Cando os españois chegaron a América e viron aquelas arañas xigantescas, chamáronlles igual que ás italianas. E falando de arácnidos... Sabedes de onde vén a palabra araña? Esta si ten unha historia moi bonita. Segundo unha lenda grega, Arachné era unha moza que tecía como ningunha. Estaba tan orgullosa da súa habilidade que presumía de facelo aínda mellor que a deusa Atenea, considerada como a mellor tecedora. Moi molesta, a deusa presentouse no taller de Arachné baixo a forma dunha velliña e retouna a ver quen facía o tapiz máis bonito. Gañou Arachné, e Atenea enfadouse tanto que a condenou a vivir para sempre baixo a forma dun animal, pendente toda a vida dun fío e tecendo a súa tea.

1 De que trata o texto? Elixe e marca cun X:

Das arañas. Da procedencia dalgúns nomes.

2 Di que nome procede de:

unha lenda grega:

.....

o nome dun porto italiano:

.....

3 Sabes como son as tarántulas? Descríbeas.

.....

.....

.....

4 Di que ou quen son:

Tarento:

.....

Atenea:

.....

Arachné:

.....

• Pensa un pouco máis. Nalgúns animais, o nome fai referencia a algunha das súas características ou ao ruído que fan. Asocia cada un dos seguintes co seu nome:

píntega chicharra vacaloura saltón lucecú

a) Insecto cunhas patas moi fortes e longas coas que dá grandes saltos:

b) Insecto que produce un ruído como dun metal que rincha:

.....

c) Anfibio coa pel negra e lisa chea de pintas amarelas:

.....

d) Insecto voador co abdome formado por unha serie de aneis que emiten luz na escuridade:

e) Insecto de cor negra e loura, que ten dúas mandíbulas semellantes aos cornos dunha vaca ou dun touro:

..... .

4)Le o texto con moita atención.

Como se xoga? Para xogar a este xogo necesítanse dous equipos co mesmo número de xogadores (dez en cada equipo, por exemplo) e un xuíz. Os integrantes de cada equipo numéranse (do 1 ao 10 por exemplo). Dívidese a zona de xogo á metade e faise unha raia no medio. Cada parte da zona de xogo debe ter uns cinco metros de lonxitude. No extremo de cada unha das partes faise unha liña, e os nenos e nenas de cada equipo deben permanecer detrás desa raia. O neno ou nena que fai de xuíz colócase na raia do medio co brazo estendido, sostendo un pano. Entón chama por un número: «Que veña o... cinco». Os xogadores dos dous equipos que teñen ese número achéganse correndo onda o xuíz. O que primeiro chega, agarra o pano e sae correndo ata chegar a súa liña. O outro perségueo. Se é pillado, queda eliminado. Se non fose pillado, queda eliminado o perseguidor. Gaña o equipo que queda ao final con máis nenos sen eliminar.

1 Completa:

O texto dá as instrucións para xogar a

.....

Para xogar a este xogo necesitamos equipos e un

.....

Os nenos e as nenas de cada equipo téñense que

.....

O xuíz colócase

.....

Cada equipo debe permanecer

.....

O xuíz sostén na man un

.....

2 Cantas liñas se debuxan ou marcan en total na zona de xogo?

.....

3 Que nenos deben saír cada vez que fala o xuíz?

.....

.....

4 Cando gaña o neno que colleu primeiro o pano?

.....


5 Que lle pasa ao neno perseguidor se non pilla ao que leva o pano?

.....
6 Que equipo resulta gañador?

.....
7 Debuxa no recadro que tes debaixo do texto o campo e os xogadores para explicar como se xoga. Pensa un pouco máis. Tendo en conta que, para xogar a este xogo, se necesitan dous equipos co mesmo número de xogadores e mais un xuíz, como será o número total de xogadores, par ou impar?

Nome

.....
.....
.....
.....
.....



5) Le o texto con moita atención.

O oficio dos oleiros consiste en facer con barro olas, xerras, cuncas, pratos, tarteiras, pucheiros... Outro oficio é o dos cesteiros. A arte da cestería é anterior á cultura dos castros. Os cestos fanse tanto na vila como no medio rural, e a materia prima é a madeira de castiñeiro, colmo (palla de centeo) e tamén vimbio. Non se pode esquecer os zoqueiros, aqueles que facían zocos

e zocas, calzado habitual entre as xentes dun país húmido e aberto ás chuvias e que percorrían todos os camiños de Galicia. E o oficio ambulante por excelencia é o de afiador, o cal é moi característico de Ourense. Os afiadores ían polo mundo, polos lugares máis afastados da súa aldea, ofrecendo os seus servizos. Crearon unha linguaxe peculiar e propia, e levaban un asubío xeralmente feito de madeira de buxo que facían soar co seu coñecido pregón: «Afiador e paraugueiro!».

1 Cal destes títulos che parece máis adecuado para o texto que acabas de ler?

Oficios do futuro

Os oficios que prefiren os mozos

Oficios tradicionais

Oficios artesanais

3 Relaciona o material utilizado en cada caso co seu oficio:

vimbio - barro -
madeira - pedra de afiar -
.....

4 Cal deses oficios tiña unha linguaxe propia? De onde eran os mellores?

.....

5 Busca no dicionario as palabras zoca e zoco. Para que servía cada tipo de calzado?

.....

.....

.....
.....
.....

Pensa un pouco máis. A palabra xa o indica: os afiadores dedicábanse a afiar coitelos, útiles de labranza e tesoiras. Daquela, por que berraban «Afiador e paraugueiro!»? Que facían cos paraugas. Axúdate do dicionario ou dunha enciclopedia.

.....
.....
.....
.....